

Tres e medio

O

tres e medio é o soporte dunha nova editorial de poesía, Retagarda. O soporte, en certa maneira, resulta anticuado agora que todo o se garda en CD-Rom, incluídos os agasallos da prensa dominical, mais, pensando en termos informáticos, poida que o disquete sexa o máis achegado ó concepto de edición literaria artesanal. É dicir, unha presentación diferente, de aparencia simple, mesmo humilde que, sen embargo, é moito máis efectiva ca moitos produtos en CD-Rom que penosamente se van amoreando nos nosos andeis como fósiles inservibles dunha modernidade que non pasa da embalaxe. Son moitos os produtos informáticos culturais que nacen resesos e ós que lles damos a benvinda porque o conxénito complexo de carencia nos leva a ser benévolos con calquera intentiño de posta ó día na técnica e na experimentación, por máis que falten intención reais de incorporarse á modernidade, por máis có CD-Rom de marras mantén todas as incomodidades do papel e ningunha das vantaxes do soporte, fóra do tamaño, porque están concebidos coma un microfilm. Pero este non é caso de Retagarda Edicións, que nace con vontade de publicar poesía breve en soporte informático. Un dos grandes

acertos da proposta é o de ofrecer en pantallas coidadas un texto breve para que os lectores cheguen ó final, porque ler na pantalla é sempre un exercicio de impaciencia. Os tres primeiros títulos apareceron no outono e pertencen a tres novos autores xa éditos.

De Rafa Villar reedítase o seu "Ícaro", xa publicado en edición non venal por Edicións Tema de Lisboa, un libro que ofrece novos argumentos para unha proposta épica nacionalista e que terma con acerto da contención formal. A este poemario, que máis parece un só poema en varias páxinas, os críticos apuxémoslle a socorrida etiqueta de poesía minimalista, que poderíamos corrixir agora cunha un chisco mellor, épica minimalista (algún día Rafa Villar nos terá que perdoar por estes trebellos críticos de tortura). Pola súa banda, Eduardo Estévez ofrece un poemario inédito, "Os veos da paisaxe", que recunha na natureza e no externo como espello da soidade e o páso do tempo. E, finalmente, Estevo Creus publica "O libro dos cans". Con el amece un novo título á súa reserva psicótica de personaxes e animais que configuran visión inéditas, non formalizadas e case surrealistas da realidade. O texto, que engaiolará ós que xa lles gustou "Poemas da cidade oculta" ou "Teoría do lugar", retoma unha liña moi súa de poemario narrativo no que un personaxe impredecible vai debullando a súa particular visión do mundo, esta vez cun apoio importantísimo, os debuxos, que lle van roubando protagonismo ás palabras na última metade do "libro".

Tres e medio é un proxecto sinxelo e honesto que non abraiará polos efectos técnicos, nin falta que lle fai, porque cumpré coa condición elemental: ser respectuoso co lector, achegarlle o texto, permitirle imprimilo e ofrecerlle pantallas coidadas para aqueles que prefiren ver/ler na pantalla dun ordenador, especialmente no libro-disquete de Estevo Creus. De todas maneiras agardamos novas edicións en papel, un soporte ó que non renunciamos.

hELENA GONZÁLEZ